

ANEXO 4 : ESTUDO EDAFOLÓXICO E XEOLÓXICO

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. CARACTERÍSTICAS XEOLÓXICAS.....	3
3. CARACTERÍSTICAS DO SOLO.....	3
3.1 Análise de horizontes.....	3
4. CONCLUSIÓN.....	4

1 INTRODUCCIÓN.

O solo é o resultado dos efectos combinados dun conxunto de factores de formación: clima, xeoloxía, topografía, organismos vivos e o tempo; que determinan a súa evolución.

Para este estudo ademáis de análises visuais emprégase o libro *Aptitud agronómica de los suelos de la provincia de A Coruña*, Calvo de Anta R. 1992.

2. CARACTERÍSTICAS XEOLÓXICAS.

Segundo o mapa de solos da FAO- UNESCO da provincia da Coruña a rocha nai da zona a rehabilitar está formado por xistos, concretamente a chamada serie dos xistos de Órdenes.

Os xistos son rochas metamórficas de cor verde a gris: existen xistos micáceos, e xistos con cuarzo e feldespato, que algunha vez se intercalan con pizarras e filitas.

Os xistos de Órdenes dan solos tipo cambisol húmico (umbrisol), e produce a formación de texturas francas cunha certa tendencia limosa.

3. CARACTERÍSTICAS DO SOLO.

Sobre os xistos fórmanse cambisoles húmicos ácidos, ou o que é o mesmo solos tipo umbrisol.

Son solos ácidos máis ou menos evolucionados pero con horizontes ben diferenciados.

As características principais do umbrisol son as seguintes:

- Cor escura.
- Desaturado en bases, (horizontes ácidos).
- Rico en materia orgánica.
- Con horizonte úmbrico.
- Ampla representación en Galicia.
- Son solos condicionados polo material orixinal e de baixa evolución.

3.1 Análisis de horizontes.

O solo ten distintas profundidades. Oscila entre os 80 cm e 120 cm de profundidade.

Un perfil estándar da zona sería o seguinte: (partindo dun perfil de profundidade media, 80 cm).

Táboa 1: Descripción perfil solo.Umbrisol.

Horizonte	Espesor (cm)	Descripción
A (úmbrico)	0-50	Horizonte rico en materia orgánica, pardo oscuro con textura franco-limosa, poroso, abundantes raíces e límite gradual irregular.
C	50- 80	Color pálido- amarelento, estructura de roca

4. CONCLUSIÓN.

Do estudo de solo resaltan os seguintes aspectos:

- Xistos como material de partida (rocha nai).
- Solos de profundidade variable (80-120 cm).
- Solo tipo umbrisol.
- Textura franco-limosa que permite drenaxe e boa rentención de auga.
- Solos ácidos 5- 5,5
- Sen pedregosidade.
- Dous horizontes: A úmbrico e C con estrutura de rocha.